

Sen título

Un mural situado no corredor do primeiro andar do CEIP Pedrouzos (Brión) proclama a chegada da primavera representada cun arco da vella, centos de flores, un montón de animais e sobre todo con cor, moita cor. Os artífices deste cartel foron os alumnos de Infantil de 5 anos, que quixeron deste modo dar a benvida á nova estación. Pero esta non foi a única actividade programada por e para os pequenos, xa que xunto coa súa mestra decidiron converter a súa aula nun pequeno xardín. Pero esta horta de interior non é unha horta calquera, senón que está pensada para a observación e estímulo de cada un dos cinco sentidos.

O xardín dos sentidos está formado por moitas clases diferentes de plantas e froitas. Para espertar o olfacto atopamos, por exemplo, a lavanda e a salvia; para deleitar o gusto, os nenos plantaron sementes de plantas que dan froito, coma o melón ou a cenoira. As flores en semente e bulbo recrearán, unha vez florezan, o sentido da vista. O tacto exercítase a través da manipulación da terra e as sementes plantadas. Os cantos ou os cacarexos das aves son obxecto de estudo a través do sentido do oído, co fin de captar os hábitos e os movementos migratorios dos paxaros.

Consulta a información aquí :

http://www.infobrion.com/cibereducacion/e_relacions.php?tabla=fichas&id=964&img=5

Comprensión lectora :

1. Ponlle título ao texto.Máis de dous.
2. A quen lle dan a benvida os alumnos do CEIP Pedrouzos co mural e o xardín?
3. De que curso son os alumnos que participan nesas actividades?
4. Que elementos compoñen o mural?
5. En que dependencia do colexio constrúen o seu pequeno xardín?
6. Quen lles axuda a facelo?
7. Por que se chama o xardín dos sentidos?
8. Escribe os elementos do xardín relacionados con cada sentido
9. Imaxina un mural relizado por alumnos de 5º /6º de Primaria e descríbeo.Podes debuxalo se queres